

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA DIRECCIÓN DE OBRA, DIRECCIÓN TÉCNICA E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE ADECUACIÓN DOS ESPAZOS, FABRICACIÓN E MONTAXE DA INSTALACIÓN MUSEOGRÁFICA DO MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO.

Sendo as 13:15 horas do día 3 de setembro de 2010, no Salón de Comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma. Sra Tenenta de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía e Emprego, dona Sonia Méndez García e actuando como vocais:

- Don José Fernando Piñeiro Díaz, Concelleiro delegado da Área de Infraestructuras.
- Don Xosé Chorén Vázquez, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.
- Don Jaime Castiñeira Broz, polo grupo Municipal do Partido Popular.
- Don Xosé Manuel Cao Rei, do Servizo de Intervención do Concello.
- Dona Ana Isabel Sáez Mancebo, Titular da Asesoría Xurídica do Concello.
- Don Manuel Louzao Aldariz, Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento do Concello, actuando como secretario.

Abre a sesión a Sra Presidenta e procédese por parte do Sr Secretario a informar aos membros da mesa das xestións levadas a cabo en orde a comprobar a veracidade da documentación aportada pola empresa proposta para a adxudicación, FERRERAS Y ASOCIADOS, S.C. (AZIMUT ARQUITECTURA) para acreditar a solvencia técnica esixida no prego de cláusulas administrativas particulares. Estas xestións ante a Fundación emisora da certificación presentada pola entidade sinalada levan á conclusión da non validez da mesma e polo tanto á non acreditación da solvencia técnica esixida no prego por parte desta entidade, unha vez rematado o trámite de audiencia concedido a esta e no que non foi presentada ningunha alegación nin documentación xustificativa.

Á vista do exposto, os membros da Mesa, por unanimidade, acordan:

Primeiro. Excluir da licitación á entidade FERRERAS Y ASOCIADOS S.L (AZIMUT ARQUITECTURA) ó non ter correctamente acreditada a súa solvencia técnica.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refº: ACTA APERTURA REVISION ADXUDICACION DIRECCION MIHL.doc

Asunto:

Segundo.- Propoñer a adxudicación da presente contratación á oferta presentada por DONA- DESIREE GONZÁLEZ GARCÍA na cantidade de 78.000 € IVE incluído.

Terceiro. Remitir o expediente á Asesoría Xurídica do Concello para que dende dito servizo se adopten as medidas oportunas en relación á certificación non válida aportada pola entidade FERRERAS Y ASOCIADOS S.L.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13.45 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo: Sonia Méndez García

Asdo: Manuel Louzao Aldariz